



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000025

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día vinte de xullo de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 377 de data 19 de xullo/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, e don Benito Manuel Vega Fernández e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, asistindo ademais a interventora municipal, dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 13.07.23 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 13.07.23 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/22.-

Informase á Xunta de Goberno Local, das facturas da relación 20 de 2023, do informe de intervención desfavorable 3/2023 nº EMP 82/2023, do levantamento de reparo en decreto 378/2023 e da posterior proposta de Alcaldía que se reproduce:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

Elabórase a seguinte relación de facturas que figura co número F/2023/22 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 10 facturas ascende á

cantidade de CENTO SEIS MIL VINTE NOVE EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (106.029,49 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2023/22 por importe bruto de 106.029,49 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita. (Expte TEDEC 2023/X999/000105).

3º.- EXPEDIENTE OBRA: “PROXECTO COMPLETO DE EDIFICACIÓN DE VESTIARIOS PARA CAMPO DE FÚTBOL DE MOURENTE”.-

Extpe: 2020/C003/000005

Obra: Proxecto completo de edificación de vestiarios para campo de fútbol municipal de Mourente”; incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+2020) e financiada ao 100% pola Deputación Provincial.

Proxecto redatado por: Rubén Fernández Lombardero, colexiado 3.870 do COAG,.

Prezo sen IVE: 106.976,32 €

IVE: 22.465,03 €

Importe total proxecto: 129.441,35 €

En Xunta de Goberno Local de data 01.10.2020 adxudícase á empresa **A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A** **por:** Prezo sen IVE.- 90.394,99 euros; IVE.- 18.982,95 Euros. **Total 109.377,94 euros;** e con prazo de execución de **CATRO (4) MESES.**

Apróbase Certificación nº 1 de importe total 10.008,20 Euros por acordo de Xunta de Goberno Local en sesión de 12.05.22 que se remite á Deputación Provincial e se aproba polo Organismo Provincial o seu pagamento.

En data 13.12.2022 a empresa adxudicataria presenta escrito no que **solicita a resolución do contrato por mutuo acordo**, sen penalización algunha e devolución do aval logo de avaliar os prezos do proxecto e vendo a inflación xerada no país pos-pandemia, detectando que executar a obra con ditos prezos é inviable na actualidade.

Indica que en pro de querer afronta dita responsabilidade, aplicaron ou solicitaron unha revisión dos prezos para con elo avaliar unha segunda alternativa. Que se observou tras un breve cálculo, que tampouco así se alcanzaría os prezos mínimos.

Tramitado expediente de resolución de contrato (Ref.2023/C008/000002), a Xunta de Goberno Local en sesión de 02.02.2023, acorda a resolución do contrato solicitado pola adxudicataria e realizar os trámites tendentes á adxudicación da obra co seguinte licitador que presentara a oferta máis vantaxosa, polo importe e prazo de execución, tendo en conta o informe do director de obra.

Considerando a valoración das ofertas, feitas para a Adxudicación co Programa de Valoración de Ofertas da deputación Provincial da Coruña, empregando como prezo de licitación a cantidade do proxecto sen IVE: 106.976,32 euros, no que resultara:

CIF: B70033261 ARQUITECTURA REHABILITACION MADEIRA E CONSTRUCCION SL:

100% Factor prezo . Valor introducido polo licitador: 103.689,98 Baixa (%).- 3,07.-
Puntuación: 14,33

CIF: B70538459 BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.:

100%- Factor prezo. Valor introducido polo licitador: 103.520,98 Baixa (%) 3,23.-
Puntuación: 15,07

CIF: B70574397 CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.:

100% Factor prezo. Valor introducido polo licitador: 106.174,0 Baixa (%) 0,75
Puntuación: 3,50

CIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.:

100% Factor prezo. Valor introducido polo licitador: 90.394,99 Baixa (%) 15,5
(Temeraria).- Puntuación: 71,50

CIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL:

100% Factor prezo Valor introducido polo licitador: 95.065,84 Baixa (%) 11,13.-
Puntuación: 51,94

O licitador coa oferta máis vantaxosa resulta ser CIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL.

Visto o informe do director de obra de data 27 de xaneiro de 2023, no que indica:

“...

Se realiza el presente informe en el que quedan reflejadas todas las obras que figuran en el proyecto de obra y que non han sido certificadas hasta la fecha, siendo el resumen el siguiente:

Presupuesto	ejecución	material.....	81.670,48
13% de	gastos	generales.....	10.617,16
6% de	beneficio	industrial.....	4.900,23

Suma.....
97.187,87
21%IVA.....
20.409,45

Presupuesto de ejecución por contrata.....
117.597,32

Asciende el presupuesto de ejecución por contrata a la expresada cantidad de CIENTO DIECISIETE MIL QUINIENTOS NOVENTA Y SIETE EUROS CON TREINTA Y DOS CÉNTIMOS.

El PEM anteriormente indicado (81.670,48E) es fruto de restarle al PEM del proyecto (89.896,07€) el PEM certificado hasta la fecha (8.225,59€).

Es decir, $89.896,07 - 8.225,59 = 81.670,48€$.

Que en el caso de que la administración opte por la opción de realizar una nueva adjudicación de las obras pendientes, se estima un plazo de ejecución de CUATRO (4) MESES.

Que, en caso de que la administración opte por la rescisión de mutuo acuerdo en la que “los derechos de las partes se acomodarán a lo válidamente estipulado por ellas”, se considera que, previamente a la posible devolución del aval, se debería proceder a la comprobación, medición y liquidación de las obras realizadas con arreglo al proyecto, fijando los saldos pertinentes a favor o en contra del contratista.

...”

Vista a obra pendiente de ejecutar segundo o informe do director de obra aplicando o porcentaxe de baixa do 11,13% na oferta presentada pola empresa **CIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL** foi a seguinte:

- a) Prezo sen IVE.- 95.065,84 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe 21% Importe 19.963,83 Euros.
- c) Total 115.029,67 euros.

Acordouse en XGL 16.03.2023 requirirle documentación a esta empresa para a posible adxudicación polo importe de:

Importe sen IVE.- 86.370,86 euros.

IVE (21%).- 18.137,88 euros

Importe total: 104.508,74 euros

E cun prazo de execución de CATRO MESES.

Visto o escrito presentado pola empresa GALLAECIA SL de data 31.03.2023 con núm. de rexistro 202399900000545 polo que renuncia a adxudicación da obra citada.

Visto que a seguinte empresa coa mellor oferta é a empresa **CIF:B70538459 BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.:**

- a) Prezo sen IVE.- 103.520,98 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe 21% Importe 21. 739, 41Euros.
- c) Total 125.260,39 euros.

Acordouse en XGL 13.04.2023 requirirle documentación a esta empresa polo importe de:

Importe sen IVE.- 94.048,70 euros.

IVE (21%).- 19.750,23 euros

Importe total: 113.798,93 euros

E cun prazo de execución de CATRO MESES.

Visto o escrito presentado pola empresa BARNACLE OBRAS Y SERVICOS SL de data 28.04.2023 con núm. de rexistro 202399900000698 polo que renuncia a adxudicación da obra citada.

Vista a seguinte empresa máis ventaxosa que é **CIF:B70033261 ARQUITECTURA REHABILITACIÓN MADEIRA E CONSTRUCCION SL.** coa seguinte oferta, con baixa 3,07 (%):

- a) Prezo sen IVE.- 103.689,98 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe 21% Importe 21. 774,90 Euros.
- c) Total 125.464,88 euros.

Acordouse en XGL 25.05.2023 requirirle documentación a esta empresa para a posible adxudicación polo importe de:

Importe sen IVE.- **94.204,20** euros.

IVE (21%).- 19.782,89 euros

Importe total: 113.987,08 euros

E cun prazo de execución de CATRO MESES.

Visto o escrito presentado pola empresa ARQUITECTURA REHABILITACION MADEIRA E CONSTRUCCIÓN SL de data 7.06.2023 con núm. de rexistro 202399900000931 polo que renuncia a adxudicación da obra citada.

Vista a seguinte empresa máis vantaxosa que é **CIF:B70574397 CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, SL** coa seguinte oferta, con baixa 0,75 (%):

- a) Prezo sen IVE.- 106.174,0 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe 21% Importe 22.296,54 Euros.
- c) Total 128.470,54 euros.

CORRESPONDERÍA a adxudicación a esta empresa polo importe de:

Importe sen IVE.- **96.458,96 €** euros.

IVE (21%).- 20.256,38 euros

Importe total: 116.715,34 euros

E cun prazo de execución de CATRO MESES.

Esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente **PROPÓN** a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia presentada por ARQUITECTURA REHABILITACION MADEIRA E CONSTRUCCIÓN SL no seu escrito de data 07.06.2023.

SEGUNDO.- Propoñer a adxudicación da obra **á seguinte empresa máis vantaxosa**, CIF:B70574397 **CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, SL**. por **importe de 96.458,96 € euros; 20.256,38 IVE; total adxudicación contrato: 116.715,34 euros e prazo de execución de 4 meses.**

TERCEIRO.- REQUERIR a dito licitador para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada na cláusula 16.- Adxudicación; do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación; incluía a garantía definitiva (5% do importe de adxudicación, excluído o IVE); **aos efectos de poder serlle adxudicada a obra.**

De conformidade co punto 16.2 do citado prego, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o proposto licitador retira a súa oferta procedendo a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte.
Todo elo sen prexuízo do sinalado no artigo 71,72 e73 da LCSP.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a de aceptación da súa renuncia, a empresa requirida CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, SL, a Arquitectura Rehabilitacion Madeira e Construcción SL e ao Director de obra Rubén Fernández Lombardero para o seu coñecemento e efectos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía antedita.

4º.- PROPOSTA DE CANCELACIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA DA OBRA: “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CAMPO DE FÚTBOL DE MOURENTE”.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA referente a cancelación da garantía definitiva da Obra MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CAMPO DE MOURENTE da Convocatoria POS ADICIONAL 1/2019 1º Fase do Plan de Obras e Servizos (Plan Adicional) da anualidade 2019 da Excma. Deputación de A Coruña.

Conforme o disposto no parágrafo 1º do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

Tendo en consideración o apartado 4 do Prego de prescricións técnicas referido ao suministro e montaxe de equipos eléctricos necesarios para a actuación de MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CAMPO DE MOURENTE.

Consta no Expediente 2023/X002/000010 informe favorable do Director da Obra MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CAMPO DE MOURENTE da Convocatoria POS ADICIONAL 1/2019 1º Fase do Plan de Obras e Servizos (Plan Adicional) da anualidade 2019.

Visto o Informe favorable emitido en data 13 de xullo do 2023 pola Tesourería municipal referido a devolución do aval bancario depositado polo contratista VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS S.L. con C.I.F. núm. B87577102 en garantía da obra MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CAMPO DE MOURENTE da Convocatoria POS ADICIONAL 1/2019 1º Fase do Plan de Obras e Servizos (Plan Adicional) da anualidade 2019 para o financiamento de obras da Excma. Deputación de A Coruña.

Comprobada que a obriga garantida cumpre a satisfacción do Concello de Valdoviño, de tal maneira que non existe responsabilidades que se poidan esixir contra o contratista VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS S.L. con C.I.F. núm. B87577102 en garantía da obra MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CAMPO DE MOURENTE, sen menoscabo do establecido no artigo 244 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

PROPONSE

Devolver o aval bancario núm. 320230000231 por importe de MIL TRES CENTOS SETENTA E CINCO EUROS (1.375 euros) en garantía da obra MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CAMPO DE MOURENTE da Convocatoria POS ADICIONAL 1/2019 1º Fase do Plan de Obras e Servizos (Plan Adicional) da anualidade 2019. para o financiamento de obras da Excma. Deputación de A Coruña.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía antedita.

FÓRA DA ORDE DO DIA

Pola Presidencia presentase por vía de urxenza, os seguinte asuntos:

- .- Aprobación da convocatoria e bases de certame de pintura, motivado na proximidade da data prevista de celebración do certame.
- .- Prórroga do contrato do servizo de Punto de Atención Infancia “Aula da Natureza”, motivado na necesidade de resolver, visto os prazos de execución do contrato.

Ratificada a urxenza por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, inclúese estes asuntos coma puntos Fóra da Orde do Día.

- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES DO IIIº CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE. CONCELLO DE VALDOVIÑO 2023.- (EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DO SERVIZO: 2023/C004/000001).-

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, tendo en conta o beneficio a nivel cultural así como a difusión turística e a promoción económica que supón o desenvolvemento neste concello dun CERTAME DE PINTURA RÁPIDA no vindeiro mes de agosto,

PROPOÑO

A convocatoria do III CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE CONCELLO DE VALDOIVÑO

O inicio do procedemento a seguir que lle corresponda

A aprobación das bases que se adxuntan:

“BASES DO IIIº CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE CONCELLO DE VALDOVIÑO 2023.

1ª. - Poderán participar neste certame todas as persoas maiores de idade que o desexen, de calquera nacionalidade.

2ª. - O certame celebrarase o sábado día 26 de AGOSTO de 2023.

3ª.- O estilo e a técnica serán libres, a súa temática xirará en torno á paisaxe, costumes e xente do concello de Valdoviño na zona delimitada por este para localización dos participantes.

4ª.- A zona na que se situarán os participantes nesta III edición será a parroquia de PANTÍN. Os medios de desprazamento ata as zonas indicadas será por conta do participante.

5ª- Cada participante poderá presentar unha soa obra, sen asinar ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado. A execución da obra deberá ser "in situ", diante do motivo ou do modelo natural. Non se permitirá o uso de fotografías, ordenadores, cámaras, medios ou materiais fotográficos salvo que debido ás inclemencias do tempo así o decida a organización o mesmo día do concurso.

6ª.- Os participantes deberán facilitar obrigatoriamente un teléfono de contacto á organización no momento do checking. Este teléfono deberá estar operativo ata finalizar o concurso coa finalidade de poder comunicar a través do mesmo calquera cambio a nivel organizativo. Asimesmo será obrigatorio enviar un SMS, un whatsapp ou realizar unha chamada ao número de teléfono 645305229 (teléfono da área de cultura) para indicar a ubicación na que o participante vai a pintar a fin de poder comunicar as distintas localizacións través das redes sociais do concello para que o público interesado e o xurado poda visitalos e disfrutar da pintura en vivo.

7ª.- A organización non se responsabilizará da ubicación equivocada dos participantes. Estes poderán facer uso do teléfono indicado no parágrafo anterior para informarse acerca da si o lugar elixido pertence á parroquia de Pantín no caso de que tivesen algunha dúbida ao respecto. No caso de pintar nun lugar que non pertenza á parroquia de Pantín a/ao artista permitiráselle exhibir a súa obra pero estará descalificado/a do concurso e non poderá optar a premio algún.

8ª. - As inscricións poderán realizarse:

-A través da sede electrónica do Concello de Valdoviño na páxina www.concellodevaldovino.com ata o día 20 de agosto de 2023 adxuntando a documentación solicitada nas presentes bases.

- Na Casa da Cultura do concello de Valdoviño de martes a venres en horario de 10,00 a 14,00 horas ata o 20 de agosto de 2023 adxuntando a documentación solicitada nas presentes bases (exceptuando días festivos).

-Non se admitirá ao concurso as persoas que non estean previamente inscritas, e tampouco aquelas que non aportaran toda a documentación ou que non aporten na mesma todos os datos solicitados

-Non haberá posibilidade algunha de anotarse o mesmo día do certame.

-O dereito de inscrición será gratuíto

- Documentación a presentar :

Ficha de solicitude de inscrición (poderá descargarse da páxina web do concello www.concellodevaldovino.com, dos QR que aparecen na área de cultura nos totem informativos ou solicítala nas oficinas da Casa da Cultura de martes a venres en horario de 10,00 a 14,00 horas).

Fotocopia de NIF.

Acreditación do lugar de empadronamento se fora o caso.

-Os datos e a información incluída nas solicitudes serán tratados de conformidade co establecido na lexislación vixente en materia de protección e tratamento de datos persoais (Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e a súa normativa de desenvolvemento).

9ª. – Cada participante deberá aportar o material que considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído o seu cabaleta, no que se exporá a súa obra posteriormente. Deberá tamén facer un bo uso do espazo de traballo, deixándoo limpo e recollido. Co obxecto de evitar efectos de contaminación cada participante levará tamén o material axeitado para recoller os restos xerados por pintura e disolventes, non tirando estes en sumidoiros ou lugares inadecuados.

10ª. - So se admite un soporte por participante, que deberá ser ríxido e se presentará nunha única cor de fondo. As medidas mínimas serán de 50x50cm. e as máximas non superarán os 100 x 81 cm.

11ª.- Establecense as seguintes categorías :

Categoría Xeral : Na que se optará a 1º, 2º ou 3º premio.

Premio local : os participantes nesta categoría no momento da inscrición deberán acreditar a súa vinculación co concello ou ben marcar a casilla correspondente na ficha de inscrición autorizando a consulta de oficio. Os participantes desta categoría poderán optar ao 1º, 2º, 3º premio e ao premio xuventude de cumprir os requisitos da idade . En calquera dos casos os premios non serán acumulativos.

Premio xuventude Xeoparque do Cabo Ortegal : os participantes nesta categoría no momento da inscrición deberán acreditar a súa vinculación con calquera dos concellos que forman parte do Xeoparque do Cabo Ortegal (Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño) a través de acreditación do padrón de habitantes salvo aqueles empadroados en Valdoviño que poderá comprobarse de oficio previa autorización na ficha de inscrición. Os participantes desta categoría poderán tamén optar ao 1º, 2º, e 3º premio e ao premio local . Os premios non serán acumulativos. Os participantes nesta categoría deberán ter os 18 anos cumpridos no día da data do certame e non superar os 30 anos. O día do concurso presentarán o documento orixinal do seu NIF.

12ª. - Establécense os seguintes premios:

Iº. Premio Concello de Valdoviño: 1000 € e diploma

IIº. Premio 500 € e diploma

IIIº. Premio 300 € e diploma

Premio local 200 € e diploma

Premio xuventude Proxecto Xeoparque do Cabo Ortegal 150 euros e diploma.

13ª.-Os premios estarán suxeitos á retención fiscal establecida, non podendo recaer dous premios na mesma obra presentada ao concurso (incluído premio local e o premio xuventude Xeoparque do Cabo Ortegal_). O xurado poderá declarar premios desertos se, atendendo ao seu criterio, estiman que as obras non acadan a calidade suficiente; asimesmo, poderán, se así o estiman oportuno, destinar o importe do/s premio/s declarado/s deserto/s a accésits.

14ª.- A inscrición e selado dos soportes realizarase na Casa da Cultura sita en Gándara de Abaixo número 30 o día 26 de agosto entre as 09:00 e as 12:00 horas por orde de chegada dos interesad@s. Chequearase a todos e todas os/as que se atopen no lugar antes das 12:01 con independencia da hora en que remate este trámite. Non se terán en conta as circunstancias persoais dos interesados para adiantar o checking e calquera suxestión ao respecto deberán canalizala a través da sede electrónica do concello. A organización non

atenderá as suxestións o día do concurso e seguirase estrictamente o indicado nas presentes bases.

15ª.- O tempo para presentar as obras finalizadas será entre as 16:30h. ás 17:30 h . A entrega realizarase diante da caseta de socorrismo da praia de Pantín, salvo que o tempo non o permita en cuxo caso informarse do punto de entrega a través dos teléfonos facilitados. Os cadros deberán permanecer expostos para goce do público de 17,30 a 18,30h. Ás 18,30 o xurado dará a coñecer o seu ditame e realizarase a entrega de premios; a partir dese momento os autores dos cadros poderán asinar as súas obras.

16ª. - Unha vez entregados os premios e identificada cada obra premiada TODAS AS OBRAS deberán permanecer na exposición ata as 19,00 horas na que se dará por finalizado o certame. Neste momento, as obras poderán ser retiradas polo artista ou persoa autorizada. As obras non retiradas gardaranse durante un mes e senón pasarán a formar parte do patrimonio do Concello de Valdoviño. No caso de solicitar ao concello o envío da obra, os gastos de envío correrán por conta da persoa participante. O Concello velará pola conservación das obras non retiradas pero non se responsabilizará dos danos, perda, roubo, etc. que poidan sufrir durante a custodia das mesmas.

17ª. - O xurado do certame que avaliará as obras estará composto por persoas cualificadas e profesionais relacionadas co mundo da arte, representantes do Concello e/ou outras persoas que o Concello de Valdoviño estime con competencia suficiente para realizar a valoración. A decisión do xurado será inapelábel.

18ª. - As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Valdoviño ou das persoas ou entidades que os patrocinen, se as houbese, segundo determine a organización. Os autores das obras non premiadas poderán, se o estiman oportuno, poñelas á venda ao público durante o día 26 de agosto a partir da finalización do concurso ás 19:00 horas no propio espazo de mostra do concurso.

19ª.- Os dereitos de reprodución e exhibición das obras premiadas ou calquera outro uso que das mesmas desexe facer serán do Concello de Valdoviño.

20ª.- Os/as premiados/as deberán solicitar o pagamento, que se fará por transferencia bancaria, aportando certificado de conta bancaria a nome da persoa premiada, no rexistro do Concello de Valdoviño ou por sede electrónica.

21ª- Os/as participantes aceptan ser fotografados, filmados e ceden os dereitos de imaxe á Organización para posibles arquivos ou reprodución en medios de prensa.

22ª- O certame poderá suspenderse por causas de forza maior ou por falta de asistencia mínima ao evento, previo aviso aos/ás inscritos/as ata o momento.

23ª.- A organización do Concello de Valdoviño resérvase o dereito de facer modificacións ou tomar iniciativas non reguladas nas presentes bases. Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade deberán pórse en contacto co número 981 48 76 66 ou no 645 305 229.

24ª.-O feito de participar neste certame supón aceptar e cumprir todas as recomendacións exixidas polo concello e o feito de a aceptación total das presentes bases.

Valdoviño, 12 de xullo de 2023.
Alcalde.
Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte. TEDEC 2023/X999/000095).

.- PRÓRROGA DO CONTRATO DA XESTIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA “AULA DA NATUREZA”.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A PRÓRROGA DO CONTRATO DA XESTIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA:

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de prorrogar o servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño e vistos os informes de Secretaría, Servizos económicos e Servizos Sociais (informe e escrito aclaratorio) os cales se transcriben a continuación:

“INFORME TÉCNICO SOBRE O CUMPRIMENTO DO CONTRATO DO DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA “AULA DA NATUREZA”

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 07.10.21 acorda a adjudicación definitiva do contrato de servizo para a xestión do Punto de Atención á Infancia “Aula da Natureza” do Concello de Valdoviño a Bolboreta S.C.

Segundo.- No contrato consta que o prazo de execución é dende a data da acta do inicio do servizo ata o 31.7.2023, cunha prórroga máxima ata o 31.07.2025.

Atendendo ao obxecto do contrato, **INFORMO** –

- Que para a prórroga do dito servizo é preciso revisar o cumprimento do contrato da empresa prestadora co fin de valorar a súa continuidade.
- Que a valoración técnica requirida para a prórroga, en relación aos aspectos esixidos no prego de prescricións ten un resultado positivo e existe cumprimento xeral sobre as cuestións recollidas nas cláusulas que regulan o servizo no referente a medios persoais e materiais. Ademais do contacto constante mantense unha reunión coa directora do recurso para abordar os aspectos pedagóxicos que aínda non incorrendo en incumprimento, é recomendable revisar no transcurso do tempo e facer unha avaliación da calidade do servizo prestado.

REVISIÓN DAS OBRIGAS DA CONTRATACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO

1. PROXECTO PEDAGÓXICO.

O desenvolvemento do proxecto pedagóxico é tecnicamente correcto. O servizo transcorre dun xeito positivo e cunha boa calidade no referente á atención dos nenos e nenas. A implicación das educadoras no labor educativo é alta e as familias manifestan satisfacción coa atención e o espazo. Se ben hai aspectos que varían na programación, os cambios son sempre pensados para axustar as actividades e os materiais ao grupo e ás necesidades do mesmo, polo que se valora axeitado e parte da responsabilidade profesional das educadoras.

Algúns dos aspectos a comentar son os seguintes:

1.1 Participación e relación coas familias ou responsables legais.

A relación coas familias é diaria, mantendo conversas nas entradas e saídas e tamén un contacto frecuente a través do grupo telefónico. Igualmente, mantéñense as entrevistas personalizadas ao inicio do curso e nas titorías, así como a reunión conxunta ao final do curso.

No relativo ás actividades formativas complementarias coas familias, organizáronse as seguintes:

- o Nutrición e Alimentación Saudable
- o Proxecto dos museos (visita dinámica nas instalacións)
- o Proxecto dos océanos (impartida por unha familia, sobre deporte e exercicio físico)
- o Educación para a Saúde e Primeiros Auxilios (pendente de realizar).

Esta programación de actividades familiares é a que require unha revisión para reconducir o seu enfoque e conseguir así unha maior participación. Se ben o resultado non é o óptimo, a empresa da cumprimento ás obrigas básicas e acadan unha boa participación das familias no espazo adaptando as actividades programadas.

1.2. Alimentación

Na descrición do servizo establecíase como fundamental coidar todos os aspectos relacionados coa alimentación dentro do espazo e nas pautas que se poidan trasladar ás familias.

Nun momento puntual, houbo que lembrar este aspecto, ao permitir entrada a tartas e doces industriais no espazo. Trala indicación por parte do Concello, non voltou a acontecer e a situación reconduciuse axeitadamente.

2. OBRIGAS DA EMPRESA ADXUDICATARIA

2.1 Comunicación co concello e publicidade

Considérase preciso lembrar que a comunicación co concello debe ser constante, informando de todos os aspectos relacionados coa programación de actividades complementarias, aspectos da relación coas familias (convites, circulares, etc) así como facer chegar á responsable de prensa toda a información de actividades co tempo necesario para a súa difusión.

2.2. Medios persoais

A empresa prestadora mantén ao mesmo persoal no servizo que o indicado no momento da formalización do contrato, do que xa se presentara a acreditación formativa. Ademais, conta cunha persoa a maiores que complementa a redución horaria dunha das traballadoras. Anualmente a empresa fai chegar o custo salarial das persoas traballadoras, de cara a comprobar e a xustificar o Proxecto anual de Servizos Sociais Comunitarios (Plan Concertado).

2.3. Medios materiais.

Ademais dos materiais necesarios para o desenvolvemento do proxecto educativo, a empresa debe aportar os materiais que reflexaron na súa proposta en relación a “melloras”. Algúns deles xa foron aportados e outros renovaranse no seguinte curso.

Segundo o exposto anteriormente, conclúese que a empresa prestadora do servizo do Punto de atención infantil “Aula da Natureza” cumpre coa totalidade dos compromisos derivados da súa oferta ata o momento actual, sendo necesaria a prórroga do contrato para a continuidade do servizo.

Para que conste aos efectos oportunos.

Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento, pola Educadora social (Servizo de Educación e Apoio Familiar) do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios. Valdoviño, 17 de xullo de 2023

“ESCRITO ACLARATORIO DO INFORME TÉCNICO SOBRE O CUMPRIMENTO DO CONTRATO DO DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA “AULA DA NATUREZA”

No informe técnico consta que o prazo de execución é dende a data da acta do inicio do servizo ata o 31.7.2023, cunha prórroga máxima ata o 31.07.2025.

É preciso aclarar que os períodos de prórroga deben ter un carácter anual, polo que a prórroga a aprobar será ata o 31.07.2024.

Para que conste aos efectos oportunos.

Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento, pola Educadora social (Servizo de Educación e Apoio Familiar) do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios.

Valdoviño, 19 de xullo de 2023”

PROPOÑO: Acordar a prórroga da xestión do servizo do Punto de Atención á Infancia tal e como consta no contrato por parte da empresa Bolboreta S.C por un período de un ano, isto é, ata o 31.07.2024.

Alberto González Fernández.

O Alcalde

Valdoviño, 19 de xullo de 2023”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.

5º.-.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás----- minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/